

## NOVA BIBLIA EN GALEGO. ESCOLMA DE TEXTOS

por José FERNÁNDEZ LAGO

Instituto Teológico Compostelano. Santiago de Compostela

### I. UNA BIBLIA EN GALLEGO

#### 1. *Nueva Biblia en lengua gallega*

En realidad, es la primera editada en un solo volumen. Sin embargo, en las últimas décadas Vidán Torreira y Ferro Ruibal, entre otros, hicieron la traducción de algunos libros de la Biblia, que fueron publicados en revistas de cultura gallega. En 1965, la editorial SEPT publica los cuatro evangelios, traducidos por Espiña y Morente. Unos años más tarde (en 1974), se completa el Nuevo Testamento, con la publicación de «Hechos de los Apóstoles, Cartas y Apocalipsis», traducidos por Casado Nieto, con Introducción y Notas de Precedo Lafuente. Estos dos investigadores, traduciendo de la Vulgata latina, lograrían publicar todo el Antiguo Testamento, en la colección de los Bibliófilos gallegos. Esta misma editorial publicó también la traducción que hizo Gómez Ledo de todo el Nuevo Testamento, a partir del original griego. Precisamente en la presentación que hace de este libro el erudito profesor Filgueira Valverde, alude, entre otros trabajos, al de la traducción que está a punto de ver la luz: «Nestora inzan novas laborías: Morente i Espiña, Vidán Torreira, Casado Nieto, Precedo, mesmo toda unha Comisión Bíblica fan un xurdio traballo pra nos daren versións onde se emparellan o fondo coñecemento da nosa fala cas cencias sagras» (p. 7).

#### 2. *Historia de la traducción de la Biblia al gallego, a partir de las lenguas originales*

Los primeros pasos los dieron en Roma algunos teólogos (A. Torres Queiruga, Martiño Montero ...), sensibilizados respecto del uso del gallego en la liturgia y en la vida en general. Aunque sus desvelos no se concretaron entonces en frutos, se tomó conciencia de la oportunidad de traducir la Biblia. En años sucesivos (1973, 1974...) se tuvieron diversas reuniones, para repartir y revisar trabajos. La excesiva ocupación de los pocos biblistas gallegos en sus cometidos diocesanos, junto

con la imposibilidad de exigir los trabajos en tiempo limitado (al no ser éstos remunerados), constituyó, durante varios años, una dificultad insalvable. Al fin, el año 1978 se logró hacer la publicación de «*O Novo Testamento (Ed. Sept.)*.»

Los problemas se acrecentaron a la hora de traducir el Antiguo Testamento. Por si fuera poco el encontrar gente preparada en Biblia y en gallego, criterios diferentes en torno a la normativa lingüística movieron a algunos a abandonar los trabajos de traducción. El apoyo de Mons. Suquía y de Mons. Rouco, convocando y asistiendo a las reuniones, y liberando de otros trabajos a los biblistas de la Archidiócesis de Santiago, para que pudieran dedicar más tiempo a la traducción, fue clave. A pesar de ello, habría de pasar una década, hasta que los originales estuvieran listos para enviar a la imprenta. Mientras tanto, fueron consiguiéndose donativos de particulares y una subvención de la Xunta de Galicia, que nos permiten llevar a cabo la publicación de la obra. En la actualidad, se está haciendo la corrección de pruebas, de suerte que la Biblia en gallego vió la luz el año 1989.

### 3. *Una Biblia para el pueblo gallego*

Aunque hecha a partir de presupuestos científicos, la Biblia en gallego intenta llegar a la gente sencilla. Por ir destinada al pueblo en general, se han evitado los puntos diacríticos en los nombres propios, y se ha pedido a los traductores que abundaran en notas aclaratorias del texto, lo que, en parte, se ha conseguido. También se han intentado paliar algunas dificultades provenientes, sobre todo, de la diversidad lingüística de las comarcas del país gallego. En ciertas ocasiones, ha sido necesario prescindir de vocablos muy expresivos, debido a que su uso estaba circunscrito a ciertas zonas de Galicia.

Contamos con que esta Biblia sirva de base para la elaboración de los leccionarios y rituales. También esperamos que sirva para que la palabra de Dios escrita llegue a las familias, y, a partir de ahí, a la vida del pueblo gallego.

### 4. *Limitaciones y posibilidades de la lengua gallega*

A pesar de lo familiar e íntima que resulta la lengua gallega, hemos de admitir que, a los gallegos de hoy, les resulta más fácil leer en castellano que en gallego. Quizás esté ahí latente una realidad: hasta hace muy pocos años, en las escuelas se estudiaba la lengua castellana, y no se impartía, en cambio, la enseñanza del gallego; y en la vida pública, se discriminaba a los que hablaban gallego, considerándose, si no reaccionarios, gente inculta. Por todo eso, la tirada de la Biblia en gallego será necesariamente corta. Ciertamente que la reciente publicación y relativo uso del Misal gallego en la liturgia, junto con el incremento que se está dando en los medios de comunicación a nivel autonómico a la lengua gallega, pueden favorecer la difusión de la Biblia.

El gallego, desde el punto de vista lingüístico, tiene unas *limitaciones* que lógicamente no hemos podido superar en nuestra traducción. En los nombres propios,

la «het» hebrea hemos tenido que transcribirla ordinariamente por una «h», que en principio llevaba un punto diacrítico para indicar la aspiración, pero que después hemos suprimido, pensando en la gente sencilla. La inexistencia de la «j» —como en otras lenguas europeas—, nos ha obligado a transcribir la «het» por «h». La «yod» también nos ha creado problemas, al no disponer de la «y». Al fin hemos optado por utilizar la «i» consonántica.

En cambio, tenemos alguna *posibilidad* en gallego, que no se tiene en castellano, como es el uso de la «x», que, en boca gallega, responde al «xin» hebreo, y que hemos integrado en la transcripción de los nombres propios (exceptuamos algunos que son ya de uso corriente en la vida pública).

También procede resaltar la expresividad y la dulzura de la lengua gallega, que la constituye en el medio ideal para transmitir diáfana y afectuosamente un mensaje que va dirigido al corazón del hombre.

## 5. *La publicación*

Constará de una Introducción General a la Biblia, Introducción al Antiguo Testamento, Introducción al Nuevo Testamento, Introducción especial a cada uno de los libros de la Biblia, texto, notas, índices, cronología y mapas.

La edición correrá a cargo de la «Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballo» (SEPT), de Vigo.

## II. ESCOLMA DE TEXTOS

Damos, por fin, con sus propios títulos en gallego, una selección de las Introducciones, el texto y las notas que figuraron en nuestra Biblia.

### 1. *A salvación na historia* (da Introducción á Biblia)

Ó longo dos séculos, os homes esperaban sempre dos deuses nos que crían, algúns sinais benéficos, que os sacaran dos apuros cotiáns. Pero os deuses ficaban lonxe, e os homes sentían a súa acción en feitos chamativos, que traían as mais das veces a desgracia.

Un bo día, un home chamado Abram, sentiu que un deus distinto lle falaba, animándoo a saír de onde vivía, para dirixirse a outra terra que el lle ía amostrar. Aquel home déixase conducir por ese deus, e fanse os dous amigos. Deus abenzoa a aquel home e á súa descendencia, e o home xura ser leal a aquel deus. Algúns séculos máis adiante, uns descendentes do devandito patriarca pola rama de Xacob (coñecido tamén por Israel), sufrían, lonxe da súa terra, escravizados por unha xente que adoraba a outros deuses. Os descendentes de Abraham clamaron polo seu deus, quen fixo xurdir de entre eles un libertador —Moisés—, que os sacou de alí a forza de prodixios. Vendo a man de Deus neses feitos, aquela xente considera a Deus como o seu salvador; e, en chegando a un monte alto, no deserto do Sinaí, fai unha Alianza co seu Señor. Iste convértese no deus daquel pobo, e o pobo comprométese a ser fiel a ese deus, cumprindo os acordos da Alianza. Daquela, o Deus dalle azos a seu pobo, guíao polo deserto e condúceo cara a unha terra abundosa, na que xa estivera o seu devanceiro Abraham: aquel Deus xa lle prometera regalarlle o país para os seus descendentes.

Nesa terra prometida, o pobo é ás veces fiel e ás veces infiel, segundo os diversos momentos da historia. Despois de Xosué —o xefe que introduciu ó pobo na terra de Canaán— suscitou Deus xuíces, reis, profetas e sabios, que encamiñaran ó pobo querido por bos vieiros; pero a xente era infiel a unha Alianza que marcaba a obriga, pero que non outorgaba a forza necesaria para a cumprir. O pobo de Deus, dividido en dous desde a morte de Salomón, cae vítima da arremetida dos asirios (fin do Reino do Norte, no ano 722/1) e da invasión babilónica (caída do Reino do Sur, no ano 587/6). O profeta Xeremías, que tan a miúdo ameazara ó pobo co desterro, por mor da súa infidelidade, anuncia unha Nova Alianza, moito máis fonda, grabada nos propios corazóns, de xeito que o home crente acolla os mandamentos de Deus como cousa súa (Xer 31,31-34), unha Alianza que había de abranguer a tódolos pobos da terra.

Séculos máis tarde, nace un neno ó que lle poñen Xesús (= Salvador), pois viña salvar ó home. Ó longo da súa vida, ademais de anunciar á xente a chegada do Reino de Deus, axuntou a carón del un grupo de discípulos; e, nunha cea que tivo con eles pouco antes de morrer, fixo de mediador desa Nova Alianza con Deus que anunciara Xeremías. El mesmo era o Fillo de Deus, e viñéralle ofrecer ó Pai o seu corazón de home entregado a Deus (cf. Heb 10,7). Sendo xusto carregou cos pecados da humanidade, para que os humanos, cheos de maldade, acadáramos por el o perdón e maila paz (cf. Is 53,5-6.11-12).

A partir de Xesús, non se entra na descendencia de Abraham por razón do nacemento nin por outro xeito de condición humana. Os que teñen fe en Xesús, o Fillo de Deus, eses son a verdadeira descendencia de Abraham (Gal 3,26-29), e os herdeiros da promesa. Ós membros do pobo crente, pídeselles fidelidade á Alianza feita por Xesús, e prométeselles unha terra moito máis fructífera e duradeira: a Nova Xerusalén, onde todo será ledicia e conforto (cf. Ap 21,1-4).

Ese Xesús, confianza dos humanos que cremos nel, viró ó remate dos tempos, cheo de gloria, para recoller ós que agardan a súa vinda con esperanza, e entregarlle así todo a seu Pai, o Deus de Abraham. Dese xeito, o Señor da creación será louvado por tódalas criaturas (cf. 1Cor 15,22-28).

## 2. *A Monarquía unida* (da Introducción ó Antigo Testamento)

Ó establecerse a Monarquía, a situación é axeitada para facer fronte ós enemigos de Israel. Saúl da os primeiros pasos, pero xa no seu reinado sobrancea na loita contra os filisteos un mozo chamado David. Á morte de Saúl, David consegue reinar sobre as tribus do Sur de Palestina, e despois tamén sobre as do Norte. O seu reinado tórnase arrequecedor para Israel. Certo que entón podía David face-lo que fixo, porque xa se desfixera o Imperio Hitita, porque Exipto e Asiria levaban algún tempo adormiñadas, e porque Babilonia aínda non amostrara a súa forza.

Salomón leva adiante a política unificadora e expansionista de seu pai, organizando ademais a corte e o resto do país a semellanza do que se facía en Exipto, e fortalecendo lugares estratéxicos, como Meguido e Hazor. No tocante ó aspecto histórico-relixioso, no seu tempo comencan a recollese e poñerse por escrito algunhas tradicións existentes naquel pobo.

Ista etapa da Monarquía unida, vén caracterizada pola existencia dunha terra, un rei, un templo (feito por Salomón), e un pobo no que se fai presente o Señor. Pero ó mesmo tempo, Salomón carregou demasiado a man sobre os seus súbditos, provocando así a división do Reino.

### 3. *A festa das Tendras* (da Introdución ó Novo Testamento)

A festa das Tendras ou da colleita, celébrase no outono, e dura unha semana. Hábitase en tendras, lembrando a peregrinaxe de Israel polo deserto. Dánselle gracias a Deus pola auga que fixo fructifica-los campos, e pídeselle a chuvia para a sementeira. A auga que se verque nesa festa, ofrécenos luz para a comprensión dalgunhas pasaxes neotestamentarias, como a de Xn 7,37-38. E os ramos de palmeira, salgueiro e mirto, que axitaban na festa ó tempo que entonaban o ¡Hosanna! (Sal 118), dánno-la clave para interpreta-los textos de Zac 9,9-10 e Xn 12,12-16. Por outra banda, o feito de encende-los candeiros do adro das mulleres, nun ambiente de espera do Mesías (cosa que acontecía sempre nesa festa), axúdanos a comprende-las palabras de Xn 8,12, coas que Xesús se presenta como a luz do mundo.

### 4. *O Cántico de Moisés* (Ex 15,1-4.8-13.17-18)

- <sup>1</sup> Cantarei ó Señor, que se cubriu de gloria:  
cabalo e cabaleiro asulagou no mar.
- <sup>2</sup> O Señor é a miña forza, a razón do meu canto,  
el é a miña salvación.  
El é o meu Deus, e louvareino;  
o Deus do meu pai, e ensalzareino.
- <sup>3</sup> O Señor é un guerreiro.  
O seu nome é Iavé
- <sup>4</sup> Asulagou no mar ó faraón cos seus exércitos,  
a flor dos seus capitáns afogou no mar Vermello.
- <sup>8</sup> Ó soprido do teu furor amoréanse as augas,  
érguense en diques as correntes,  
cállanse as augas do mar
- <sup>9</sup> Os enemigos dicían: «Perseguirei, atraparei,  
repartirei botín, ata farta-la cobiza;  
sacarei a miña espada, despoxarei coa miña man».
- <sup>10</sup> Pero botaches ti un sopro, e cubriunos o mar,  
fundíronse coma chumbo nas augas embravadas.
- <sup>11</sup> ¿Quen hai coma ti, Señor, entre os deuses,  
quen coma ti, excelso en santidade,  
terrible polas túas obras, facedor de milagres?
- <sup>12</sup> Tendíche-la túa dereita, e engulíunos a terra.
- <sup>13</sup> Ti guiaches con amor ó pobo rescatado,  
coa túa forza leváchelo á túa sagra morada.
- <sup>17</sup> Ti leváchelo e plantáchelo na túa propiedade,  
no lugar onde fixeches, Señor, á túa morada,  
no santuario que ti fundaches coas túas mans.
- <sup>18</sup> O Señor reinará por sempre.

### 5. *O xuíz Ehud* (Xuí 3,15-22.25-30)

<sup>15</sup> E clamaron os fillos de Israel ó Señor, e O Señor suscitoulles un salvador: Ehud, fillo de Guerá, benxaminita, home zurdo; e os fillos de Israel mandaron por el un agasallo a Eglón, rei de Moab. <sup>16</sup> E fíxose Ehud cunha faca de dobre gume, dun palmo de longa, e

cinguina por debaixo do seu vestido, sobre o lado dereito. <sup>17</sup> E levoulle o agasallo a Eglón, rei de Moab (e Eglón era un home moi grosso). <sup>18</sup> E, cando xa rematara de entregarlle o obsequio, deixou ir á xente que llo levara, <sup>19</sup> e el volveuse desde as estelas de pedra que están a carón de Guilgal, e exclamou:

Teño un segredo para tí, ouh rei.

E el dixo:

¡Cala!

E saíron de alí tódolos que estaban con el. <sup>20</sup> E Ehud achegouse a el, que repousaba na súa sala privada de acougo, a de arriba, e dixo Ehud:

Chegoume unha palabra de Deus para tí.

Daquela, o rei ergueuse do asento. <sup>21</sup> E alongou Ehud a súa zurda, e colleu a faca de sobre o lado dereito, e chantoulla no ventre; <sup>22</sup> e entrou tamén o mangueiro detrás da folla, e a graxa entupiú o sitio detrás da folla, e xa non sacou do ventre a faca, que lle saíu por detrás...

<sup>25</sup> E fartáronse de esperar, sin que el abrise as portas da sala de arriba. Ó cabo, colleron a chave, e abriron; e velaquí que o seu señor estaba chimpado por terra, morto.

<sup>26</sup> E liscou Ehud, namentres eles agardaban, e pasou as estelas de pedra, e fuxiu dedica Seirah. <sup>27</sup> E cando chegou, tocou a trompeta na serra de Efraim, e baixaron canda el da montaña os fillos de Israel, e el ía diante deles. <sup>28</sup> E díxolles:

Seguídeme, pois O Señor puxo ós vosos enemigos —os moabitas— nas vosas mans.

E baixaron detrás del, e tomaron os baixíos do Xordán que están no camiño de Moab, e non deixaron pasar a ninguén. <sup>29</sup> E abateron a Moab naquel entón —a dez mil homes forzudos e valentes—, e non liscou ningún.

<sup>30</sup> No día aquel, Moab quedou sometido a Israel, pola man de Israel, e o país viviu tranquilo durante oitenta anos.

## 6. Débora e Barac (Xuí 4,14-24)

<sup>14</sup> E dixo Déborah a Barac:

Érguete, pois é iste o día no que puxo O Señor a Sísera nas túas mans. ¿E logo non vai O Señor diante de tí?

E baixou Barac do monte Tabor cos dez mil homes que o seguían.

<sup>15</sup> E O Señor destrozou a Sísera con tódolos seus carros e mailo exército, a gume de espada, diante de Barac. E Sísera baixou do seu carro e fuxiu a pé. <sup>16</sup> E Barac abourou ós carros e ó exército, deica Haróxet dos Xentís, e caíu todo o exército de Sísera a gume de espada: non quedou sequera un.

<sup>17</sup> E Sísera fuxiu a pé á tenda de Iael, a muller de Héber, o quenita, pois había paz entre Iabín —o rei de Hasor— e a casa de Héber, o quenita.

<sup>18</sup> E saíu Iael ó encontro de Sísera, e díxolle:

Ven, meu señor, ven a carón de mín, non teñas medo.

E foi onda ela, á súa tenda, e ela tapouno cun cobertor. <sup>19</sup> E díxolle el:

Fai favor, dame de beber un pouco de auga, pois teño sede.

Ela destapou a ola do leite, deulle de beber, e volveuno tapar. <sup>20</sup> E díxolle el:

Ponte á entrada da tenda, e, se chega un e che pregunta «¿hai alguén aquí?», tí respón-deslle: «Non».

<sup>21</sup> Daquela, Iael —a dona de Héber— colleu un fungueiro da tenda, premeu un martelo na man, e achegouse onda el ás caladiñas, e chantoulle o fungueiro nas tempas, e foise espetar no chan (e el, que xa non se tiña, morreu).

<sup>22</sup> E velaquí que Barac ía abourando a Sísera, e saíu Iael ó seu encontro, e díxolle:

Ven, que che mostro o home que buscas.

E el entrou onda ela, e velaquí que Sísera xacía morto, co fungueiro nas tempas.

<sup>23</sup> E dese xeito abateu Deus no día aquel a Iabín, rei de Canaán, diante dos fillos de Israel. <sup>24</sup> E a man dos fillos de Israel fíxose cada vez máis pesada contra Iabín, rei de Canaán, ata que esnaquizaron a Iabín, rei de Canaán.

## 7. *Dous pequenos relatos da vida de Sansón*

### a) *Xuí 15,4-5*

<sup>4</sup> E foi Sansón e pillou trescentas raposas, e, collendo uns fachos, amarrou os rabos daquelas e puxo un facho no medio de cada dous rabos. <sup>5</sup> E prendeu lume nos fachos e guindou as raposas contra os milleirais dos filisteos, de xeito que queimou desde os palleiros deica as meses, e mesmo as vidas e as oliveiras.

### b) *Xuí 16,10-14*

<sup>10</sup> E dixo Dalila a Sansón:

Velaquí que te mofaches de min e me contaches mentiras. Agora, anda, móstrame con que habería que amarrarte.

<sup>11</sup> Respondeulle el:

Se amarrar me amarrades con cordas novas, coas que non se fixo ningún traballo, amolecerei e serei como un dos outros homes.

<sup>12</sup> E colleu Dalila cordas novas, e amarrouno con elas, e gritoulle:

¡Os filisteos vanche ó lombo, Sansón!

(E había xente á espreita no cuarto dela). E el ceibounas de sobre os brazos, como se fosen de fio.

<sup>13</sup> E dixo Dalila a Sansón:

Deica agora me enganaches, e contáchesme mentiras. Anda, móstrame con qué tería que amarrarte.

E respondeulle:

Se téce-los sete guedellos da miña cabeza con lizo e os fixas cos batedeiros, amolecerei e serei como un dos outros homes. <sup>14</sup> E ela adormeceuno, teceu os sete guedellos da súa cabeza co lizo e fixounos cos batedeiros, e gritoulle:

¡Os filisteos vanche ó lombo, Sansón!

Pero el, espertando do sono, arrincou os fungueiros do tear e maila urdime.

## 8. *O Salmo 92*

<sup>1</sup> Reina o Señor, vestido de maxestade,  
o Señor está vestido, cinguido de poder,  
e o mundo non atariña, está firme.

<sup>2</sup> O teu asento está afincado desde sempre,  
tí estás aí desde toda a eternidade.

<sup>3</sup> As correntes erguen, Señor,  
as correntes erguen a súa voz,  
as correntes erguen o seu fragor

<sup>4</sup> Pero máis cá voz das moitas augas,  
máis podente cás vagas do mar  
é potente nas alturas o Señor.

<sup>5</sup> A revelación do Señor é verdadeira,

a santidad é o ornato da túa casa,  
polos séculos, Señor.

### 9. *O Salmo 96*

- <sup>1</sup> O Señor reina, alégrese a terra,  
exulten tódalas illas.  
<sup>2</sup> Rodéano nubes e néboa,  
xusticia e rectitude sosteñen o seu trono.  
<sup>3</sup> Un lume vai diante del  
e queima os enemigos ó arredor.  
<sup>4</sup> Os seus lóstregos alumean os espacios,  
e ó velo, estarrécese a terra,  
<sup>5</sup> os montes derreten coma cera,  
diante do Señor, dono do mundo.  
<sup>6</sup> Os ceos pregoan a súa rectitude  
e tódolos pobos contempian a súa gloria.  
<sup>7</sup> Avergónanse os que adoran imaxes  
e os que presumen dos seus ídolos:  
diante del axeónllanse os deuses.  
<sup>8</sup> Ó escoitalo, alégrase Sión,  
reloucan as vilas de Xudá,  
polas túas decisións, Señor.  
<sup>9</sup> Tí, Señor, e-lo soberano de toda a terra,  
no cumio de tódolos deuses.  
<sup>10</sup> O Señor ama a quen aborrece a maldade,  
garda a vida dos seus amigos,  
líbraos das mans dos malvados.  
<sup>11</sup> A luz espunta para os xustos  
e para os rectos a ledicia.  
<sup>12</sup> Alegrádevos, xustos, no Señor,  
louvade o seu nome santo.

### 10. *O Salmo 126*

- <sup>1</sup> Se o Señor non fai a casa,  
en balde se esforzan os canteiros.  
Se o Señor non garda a cidade,  
en balde vixían as centinelas.  
<sup>2</sup> En balde vós madrugades  
e tardades en deitarvos:  
comedes pan de traballos,  
cando el llelo dá ós seus amigos mentres dormen.  
<sup>3</sup> Os fillos son a herdanza do Señor,  
o froito do ventre, o seu xornal.  
<sup>4</sup> Coma saetas na man do guerreiro,  
así os fillos da mocidade.  
<sup>5</sup> Feliz quen encheu deles a súa alxaba:  
non se verá avergoñado cando discuta  
cos enemigos na praza.



11. *O Salmo 148*

- <sup>1</sup> Aleluia.  
Louvade ó Señor desde o ceo,  
louvádeo alá nas alturas.
- <sup>2</sup> Louvádeo os seus anxos,  
louvádeo os seus exércitos
- <sup>3</sup> Louvádeo, sol e mais lúa,  
louvádeo, lucentes estrelas.
- <sup>4</sup> Louvádeo os ceos dos ceos  
e as augas dos espacios celestes.
- <sup>5</sup> Louven o nome do Señor,  
pois mandouno el e foron feitos;
- <sup>6</sup> estableceunos para sempre  
e deulles leis que non fallan.
- <sup>7</sup> Louvade ó Señor desde a terra,  
monstruos e abismos do mar,  
<sup>8</sup> raios e sarabia, neve e néboa,  
furacán que cumpre as súas ordes,
- <sup>9</sup> montes e tódolos outeiros,  
árbores frutais e mais cedros,
- <sup>10</sup> feras e gando todo,  
reptís e mais paxaros;
- <sup>11</sup> os reis e tódalas nacións,  
os príncipes e os xuíces da terra,
- <sup>12</sup> os mozos e mailas doncelas,  
os vellos e mailos nenínos.
- <sup>13</sup> Louven o nome do Señor,  
pois só o seu nome é excelso,  
a súa maxestade cobre a terra e mailo ceo.
- <sup>14</sup> El ergue a cabeza do seu pobo,  
louvanza de tódolos xustos,  
dos fillos de Israel, os seus achegados.  
Aleluia.

12. *Xesús na festa das Tendras (Xn 7,37-53)*

- <sup>37</sup> No derradeiro día, o máis grande da festa, púxose Xesús de pe, e gritou:  
—Se algún ten sede, que veña onda min,  
e que beba quen cre en min.
- <sup>38</sup> Como di a Escritura,  
deítaranlle do seu ventre  
regueiros de auga viva.
- <sup>39</sup> Isto dicíao do Espírito, que habían recibir cantos creeran nel: pois aínda non había espírito, porque Xesús non fora aínda glorificado).
- <sup>40</sup> Cando oíron isto, algúns de entre a xente, dicían: «Este é verdadeiramente o Profeta».
- <sup>41</sup> Outros: «Este é o Mesías». Outros, en cambio, dicían: «Pero ¿é que o Mesías vai vir da Galilea?» <sup>42</sup> ¿Non di a Escritura que o Mesías ha vir *da semente de David, e de Belén*, a vila de onde era David?».

<sup>43</sup> E houbo divisió no pobo, por mor del. <sup>44</sup> Algúns querían prender, pero ninguén lle puxo enriba as mans.

<sup>45</sup> Foron entón os gardas onda os xefes dos sacerdotes e os fariseos. Eles preguntáronlles: — ¿Por qué non o trouxestes?

<sup>46</sup> Responderon os gardas: — Nunca ninguén falou así coma este home

<sup>47</sup> Respondéronlles os fariseos:

— ¿Seica vos engaiolou tamén a vós? <sup>48</sup> ¿Vistes que algún dos deputados ou dos fariseos crese nel? <sup>49</sup> Non. E a xente esa, que non coñece a Lei, son uns malditos.

<sup>50</sup> Un deles, Nicodemo, o que fora primeiro onda El, dixo:

<sup>51</sup> ¿Desde cando a nosa lei xulga a un home sen antes escoitalo e investiga-lo que fixo?

<sup>52</sup> Respondéronlle:

— ¿Tamén ti es da Galilea? Pois estudia e verás como da Galilea non sae profeta ningún.

<sup>53</sup> E fóronse cada un para a súa casa.

### 13. *Autodefensa de Paulo (2Cor 11,1-11)*

<sup>1</sup> ¡Ai, se me aturádes un pouco de tolería! ¡Aturádeme, veña! <sup>2</sup> É que sinto ciúmes de vos, ciúmes de Deus, pois quixenvos desposar cun único marido, presentándovos a Cristo coma unha virxe pura. <sup>3</sup> Temo que, así como a serpe seduciu a Eva coa súa solercia, así tamén se trastornen os vosos criterios, arredándovos da sinceridade que lle debedes a Cristo. <sup>4</sup> Porque, se vos vai alguén anunciar outro Cristo, diferente do que vos anunciamos nós, ou se recibides un espírito diferente do que recibistes ou un evanxelio diferente do que aceptastes, aturádelo coma se nada.

<sup>5</sup> Pois eu non me considero menos ca eses superapóstolos. <sup>6</sup> Terei pouca labia, pero non pouca ciencia, e téñovolo demostrado en todo e de moitos xeitos. <sup>7</sup> ¿Ou é que fixen mal en abaixarme para elevarvos a vós, anunciándovos de balde o Evanxelio de Deus? <sup>8</sup> Para podervos servir a vós, tiven que desposar a outras igrexas, aceptando unha paga. <sup>9</sup> E, mentres estiven entre vós, por moitos apretos que pasase, non fun carga para ninguén: os irmáns que viñeron de Macedonia subvencionaron as miñas necesidades; gardeime e gardareime de servos gravoso en nada. <sup>10</sup> Pola verdade de Cristo que hai en min: dígovos que esta honra non ma vai quitar ninguén nas rexións da Acaia. <sup>11</sup> ¿Por qué? ¿Porque non vos quero? ¡Sábeo ben Deus!

### 14. *Vida pagá e vida cristiá (Ef 4,17-24)*

<sup>17</sup> Dígovos, por tanto, e recoméndovos en nome do Señor, que non vivades máis coma os pagáns, coa mente baleira, <sup>18</sup> coa intelixencia entebrecida, alleos á vida de Deus, pola ignorancia que hai neles, debido á cegueira do seu corazón. <sup>19</sup> Os tales volvéronse insensibles, entregáronse ó vicio, ata practicaren insaciablemente toda clase de inmoralidades.

<sup>20</sup> Vós, porén, non foi así como coñecestes a Cristo. <sup>21</sup> Supoño que vos falaron del e que vos ensinaron o que responde á verdade en Xesús; <sup>22</sup> isto é, que vos ispades do home vello da vida anterior, que vai esmorecendo, seducido polos seus anceios; <sup>23</sup> que cambiéde-la vosa actitude mental, <sup>24</sup> e que vistáde-lo home novo, creado a imaxe de Deus, na xusticia e na relixiosidade auténticas.

## 15. *O Impío e a súa aniquilación (2Te 2,1-12)*

<sup>1</sup> Tocante á Parusía do noso Señor Xesús Cristo e da nosa xuntanza con El, rogámosvos, irmáns, <sup>2</sup> que non abaledes tan axiña nos vossos criterios nin vos desconcertades por supostas revelacións, ditos ou cartas nosas, coma se o día do Señor estivese a caer. <sup>3</sup> Que ninguén vos trabuque de ningún xeito. Porque primeiro ten que vi-la apostasía e manifestarse o impío por excelencia, a Perdición en persoa; <sup>4</sup> aquel *que se opón e se levanta contra todo* o que se chame Deus ou que sexa digno de culto, ata chegar a sentarse el *no templo de Deus*, proclamando sique el mesmo é Deus.

<sup>5</sup> ¿Non vos acorda que, cando aínda estaba convosco, xa volo dicía? <sup>6</sup> E agora xa sabedes que é o que o detén, para que se mostre únicamente no seu preciso tempo. <sup>7</sup> Pois a misteriosa iniquidade xa está actuando; só precisa que lle quiten do medio a quen a detén. <sup>8</sup> E daquela amosstrarase o Impío, *a quen o Señor matará co soplo da súa boca* e aniquilará co resplandor da súa Vinda. <sup>9</sup> A vinda dese Impío será obra de Satanás, será con poder, con portentos e con prodixios trapalleiros, <sup>10</sup> e con toda a seducción que exerce a inxusticia en cantos se han de perder, por non acolleren o amor da verdade que os ía salvar. <sup>11</sup> E por iso lles manda Deus unha forza enganadora, para que crean na falsidade, <sup>12</sup> e así se condenen tódolos que non creron na verdade senón que se deleitaron na seducción.

## 16. *A Carta á Igrexa de Laodicea (Ap 3,14-22)*

<sup>14</sup> Ó anxo da igrexa de Laodicea escribelle:

Isto di o Amén, o Testemuña fiel e lexítimo, o comenzo da creación de Deus: <sup>15</sup> Coñezo as túas obras: ti non es frío nin quente. ¡Quen me dera que foses frío ou quente! <sup>16</sup> Pero, por seres morno, nin frío nin quente, voute largar da miña boca. <sup>17</sup> Porque dis: «Son rico, xa teño fartura e non preciso de nada»; pero ti non sabes que es unha besta, dás lástima, es un mendigo cego e espido.

<sup>18</sup> Aconsélloche que me merques en ouro do meu, que se acaba de aquilatar no lume, para te poñeres rico; e que me merques roupa branca, para vestires ben e para que non se vexa a vergonza da túa nueza; e que me merques colirio para unta-los teus ollos e así poderes ver. <sup>19</sup> Que eu ós que lles quero ben, rífolles e corríxoos. ¡Ponte de xenio! e convírtete. <sup>20</sup> Mira que hai tempo que estou a petar na túa porta. Se algún escoita a miña voz e me abre a porta, eu entraría cabo del e cearía con el e el connigo. <sup>21</sup> Ó vencedor outorgareille sentarse onda min no meu trono, do mesmo xeito que tamén eu vencín e senteime cabo do meu Pai no seu trono.

<sup>22</sup> Quen teña oídos, escoite o que o Espírito lles di ás igrexas.

## 17. *Unhas poucas notas das que leva a Biblia*

### a) *Xuí 3,3ss*

3. *O Hermón* é o monte máis alto do Antilíbano. Está no extremo N.E. da Palestina. *Lebo-Hamat* significa «a entrada de Hamat», e está entre o Hermón e o Líbano, á metade de camiño entre Alepo e Damasco.

6. Os matrimonios con xente doutra relixión están mal vistos na Biblia, pola experiencia do home que respetaba as crencias da súa dona, e despois remataba indo tamén el detrás dos deuses dela (cf. 1Re 11,1-8).

8. *Cuxán Rixatáim* significa «Cuxán o dúas veces ruín». *Aram Naharâim* designa á «Siria de entre dous ríos» = a Mesopotamia.

b) *Xn 3,2ss*

2. A *tebra* e *maila noite* teñen un valor simbólico: representan o ambiente propio do que fa obras ruíns (3,19-21), ou do que camiña sen seguranza (9,4; 11,10). Así, cando Xudas se ergueu da mesa e saíu co propósito de entregar a Xesús (13,30), dinos Xoán que «era de noite». O senso que Xoán quere comunicar é que, deixando a Xesús, que é a Luz, vaise dar á noite, á *tebra*, ó mal. Nicodemo, en troques, foi de noite, pois tiña medo, pero, ó ir onda Xesús, encontrou a luz, pois foi a ela (3,20-21). Por iso, cando Xesús xa morrera, alí estaba Nicodemo como fillo da luz (cf. *Xn 19,39*).

*Rabbí* é unha palabra aramea, que significa «meu mestre».

3. A palabra grega «anozen» significa «de novo» e «de riba». Xesús, a xulgar polo que entende Nicodemo (v. 4), comenza por falarlle dun novo nacemento, para rematar dicíndolle que ese nacemento ten que vir de riba, un nacemento que sexa obra do Espírito.

5. Xesús menta o Bautismo, un bautismo superior ó de Xoán, pois este só era de auga.

14. Debaixo da palabra grega «*hyposozenai*» («ser alzado»), está o vocábulo arameo «*istallaq*» («*istelaq*»), que ten dobre senso: *ser alzado*, e *morrer*. Xesús, sen dúbida, pensa tanto na elevación como na súa morte na cruz.

A *serpente* é símbolo de Cristo. Así como ela curaba ós feridos de morte no deserto (Num 21,4-9), así Xesús fa sandar ós que cren nel. No libro da Sabiduría (16,7) dáse un paso máis, sinalando que a curación era obra de Deus, e non do que contemplaban. O Targum «Pseudo-Jonatan» dinos que nos chega a saúde cando virámo-lo noso corazón cara á palabra de Deus. Por iso, crendo en Cristo, Palabra de Deus, elevado na cruz por nós, atinguíremo-la plena saúde, a salvación que vén de Deus.

19. O *xuício*, nos escritos de Xoán, ten o senso dunha obra merecente de condena. A dos xudeus —Xesús refírese máis ben ós dirixentes do pobo—, foi a de ter unha actitude tan ruín que, tendo a Cristo como luz, preferiron segui-los seus malos camiños.

c) *2Cor 12,7ss*

7. O aguillón que se lle espetou na carne, é probablemente unha enfermidade que non o deixa en paz (cf. *Gal 4,13-15*).

9s. Paulo, que fora fariseo, ten na mente a postura xudaizante, de tipo fariseo, que busca a xustificación diante de Deus polo cumprimento da Lei mosaica. O home que vén cumprindo os 613 preceptos da Lei, tórnase orgulloso e seguro das súas forzas, quedando, realmente, na penumbra, a gracia de Deus.

21. Os veciños de Corinto non eran, de certo, un exemplo de vida moral, e algúns dos cristiáns caerían na tentación de considerar normal a vida licenciosa daquela vila.

José FERNÁNDEZ LAGO

Plaza de la Inmaculada, 5

15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

### Summary

Samples of Introductory texts, biblical texts and Notes from the New Bible in Gallego (ancient romanic language, spoken in the North West of Spain). As an introduction to those samples, the paper enumerates the attempts made before (mostly by non biblical scholars and mostly from the latin Vulgata) and the difficulties faced by the biblical scholars in a translation from the original languages, which could be understood by all the speakers. The main difficulty was the poor public use of the language until recent times, but it is counterbalanced by the fact that Gallego is «an ideal main of expressing in a diafanous and affective way a message directed to the heart of people».